



Xesús, quero cambiar o meu corazón

Señor, neste novo tempo de Advento, abrimos xanelas, para ventilar a nosa casa, renovarnos e que entre na nosa vida un novo aire, Xesús.

Xoán Bautista desde o deserto déixanos unha mensaxe clara: Preparádelle o camiño ao Señor! Convertédevos!


Axúdanos, Señor, a lavarnos por dentro, a cambiar o corazón, o pecado que hai na nosa vida.

Necesitamos descubrir que moitos dos nosos criterios e actitudes non se parecen para nada aos teus.

Necesitamos descubrir que a nosa mentalidade, intereses e preocupacións, só crean pasos elevados e curvas que nos afastan cada día máis de ti.

Lávanos por dentro, purifica o noso corazón, transforma a nosa vida. ...Porque vés ti, Xesús, e non quero perdermo.

Poñémonos á obra con María limpando, achanzando o camino á Vinda do Salvador.



8 de decembro

Celebramos a Festa da Inmaculada Concepción.

Queremos fixarnos en ti, María, a Nai do Advento, para aprender a maneira de recibir a Xesús.

Ti es a nosa Nai e o noso modelo.

Ensínasnos a dicir: Ven, Xesús!.

Ensínasnos a dicir: Si, fágase o teu desexo en min.

Ensínasnos a gardar a Palabra no corazón.

Ensínasnos a superar o pecado, que é negación.

Ensínasnos a crer e a esperar.

Ensínasnos a vivir no servizo e a entrega.

Grazas pola teu Si, María;
grazas polo teu exemplo.

-A Anunciación, canción de Valivan: <https://youtu.be/UZYvpK2nLo>

-Ave María, Mª José Bravo: <https://www.youtube.com/watch?v=czoUYsJbweU>

**2º Advento-B
10-12-2023**



Jesús te Orienta

ADVIENTO



"Yo os bautizo con agua, Él con Espíritu"

Se te equivocas de dirección, cambia e busca o Norte

Advento 2º

As 4 candeas de Advento

Nesta semana acendemos a **2ª candeas** do Advento, a candeas da limpeza, do cambio:

Señor Xesús: hai xa dous milenios que viñeches entre nós. Pero sabes que no mundo e en nós aínda non todo é belo nin bo. Seguen os odios, os egoísmos. Por iso temos necesidade de Ti. Axúdanos a prepararte o camiño renovando a nosa vida. Abre o noso corazón ao amor, á paz e á fe.

ISAÍAS 40, 1-5. 9-11: Preparádelles un camiño ao Señor.

«*Consolade, consolade o meu pobo —di o voso Deus—; falade ao corazón de Xerusalén, gritádelles, que se cumpriu o seu servizo e está pago o seu crime, pois da man do Señor recibiu dobre paga polos seus pecados.*»

Unha voz grita: «No deserto preparádelles un camiño ao Señor; achandade na estepa unha calzada para o noso Deus; que os vales se levanten, que montes e outeiros se abaixen, que o torcido se endereite e o escabroso se iguale. Revelarase a gloria do Señor, e verana todos xuntos —falou a boca do Señor—».

Súbete a un monte elevado, heraldo de Sión; alza forte a voz, heraldo de Xerusalén; álzaa, non temas, dí ás cidades de Xudá: «Aquí está o voso Deus. Mirade, o Señor Deus chega con poder e co seu brazo manda. Mirade, vén con el o seu salario e a súa recompensa precédeo. Como un pastor que apacenta o rabaño, reúne co seu brazo os anos e lévaos sobre o peito; coida el mesmo as ovellas que crían». Palabra do Señor.

SALMO 84: R/. Móstranos, Señor, a túa misericordia e dános a túa salvación.

2 PEDRO 3, 8-14: Esperamos uns ceos novos e unha terra nova.

SAN MARCOS 1, 1-8: Endereitade os carreiros do Señor.

Narrador: Comeza o Evanxeo de Xesucristo, Fillo de Deus. Como está escrito no profeta Isaías:

Isaías: -«*Eu envío o meu mensaxeiro diante de ti, o cal preparará o teu camiño; voz do que grita no deserto: “Preparade o camiño do Señor, endereitade os seus carreiros”».*

Narrador: Presentouse Xoán no deserto bautizando e predicando un bautismo de conversión para o perdón dos pecados. Acudía a el toda a rexión de Xudea e toda a xente de Xerusalén. El bautizábaos no río Xordán e confesaban os seus pecados. Xoán ía vestido de pel de camelo, cunha correa de coiro á cintura e alimentábase de saltóns e mel silvestre. E proclamaba:

Xoán Bautista: - «*Detrás de min vén o que é máis forte que eu e non merezo agacharme para desatarlle a correa das súas sandalias. Eu bauticeivos con auga, pero el bautizaravos con Espírito Santo. Palabra do Señor.*

(Narrador-Isaías-Xoán Bautista)



Se te equivocas de dirección,
cambia e busca o Norte



1. Ver: Construimos o compás de Advento

- Continuamos elaborando o panel que nos propón Fano para este Advento. O domingo pasado empezabamos a **construír o compás que nos oriente** cara ao “verdadero Nadal”. Colocabamos o **NORTE**, que é Xesús, co compromiso de estar atentos orando para non desviarnos. Hoxe tócanos colocar o **SUR**.

Tedes mellorado na oración? Axudouvos a encontrar o Norte?

2. XULGAR: Se te perdes, cambia de rumbo

- O evanxeo deste domingo preséntanos a Xoán Bautista baixando ao deserto, bautizando e predicando a conversión: **“Preparade o camiño do Señor, endereitade os seus carreiros”**». Anuncia que vai vir o Salvador: **“Eu bautizovos con auga, El con Espírito Santo”**.

Marcos 1, 1-8, película: <https://youtu.be/bJZjszy-H1Y>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- A semana pasado queríamos **estar moi atentos** buscando o Norte que é Xesús, sobre todo a través da oración. Pero cantas veces nos despistamos, perdémonos, andamos desorientados e mesmo collemos a dirección contraria e **en vez ir cara a Norte imos cara ao Sur**.

- **Xoán Bautista**, hai dous mil anos, vai ao deserto, onde todo é segura, falta de vida, e anuncia a aquela xente desorientada, como atopar a Xesús, o que é salvación, a vida, o camiño verdadeiro... Dilles como Isaías: **“preparade o camiño ao Señor, endereitade os seus carreiros...”**. **Que lles estará pedindo?** Que deixen o que os aparta de Deus, **que se CONVERTAN**, que cambien de rumbo nas súas vidas. Que nos aparta do Norte, de Xesús? Que nos impide celebrar o “verdadero Nadal”?

- Se nos fixamos no **debuxo de Fano, no Sur**, descubrimos 5 nenos e un maior (podería ser Xoán Bautista). E ademais vemos a candeas e a auga, dúas alusións ao bautismo: **“Eu bautizovos con auga, El con Espírito Santo”**. O bautizado é consciente da súa auga (as súas limitacións), pero sabe que conta cunha forza (o Espírito) para vivir con fe (cirio).

Reflexión 2º Adv-B, para nenos, “Cousas de Deus”: https://youtu.be/IPckJnIKs_U

**Que obstáculos vexo para que Xesús chegue á miña vida?
En que cambiarei?**

3. ACTUAR: Facemos cambios na nosa vida

- Na casa seguimos cos preparativos: continuamos colocando o belén; tamén acendemos a **2ª candeas** da coroa de Advento (a da conversión) e rezamos a oración correspondente. Esta semana coloreamos día a día o **Sur no debuxo de Fano**: o ancián coa candeas, a pila con auga, cada neno (ao pintar a auga cambiamos algún defecto noso)...

Que cambios imos facer na nosa vida?

Canción “Xesús te orienta”, Unai Quirós: <https://youtu.be/watch?v=rI9Nexm3z0I&t=1s>

-Canción da coroa de Advento: Hoxe acéndese unha chama:

https://www.youtube.com/watch?v=uklbp9Wqj_Q&list=RDQMjK86nzBX-SA